

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA A FONSAGRADA  
CURSO: 6º  
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA  
DEPARTAMENTO:  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.</li> <li>▪ CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.</li> <li>▪ CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.</li> </ul>          |
| <p><b>B5.1 . Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e aparellos.</b></p>  | <p>CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</p>   |
| <p><b>B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.</b></p>   | <p>CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algún dos efectos da electricidade.</p>  |
| <p>B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.</p>  | <p>CNB5.4.1. Coñece e explica algún dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.</p>  |

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                    | <p><b>Procedementos:</b></p> <p>A través do seguimento do traballo diariamente. Nas mensaxes da plataforma EDIXGAL a profesora estará en contacto co alumnado, solicitando periodicamente información sobre o traballo encomendado. A ausencia da información solicitada restará cualificación.</p> <p>Valorarase o traballo proposto en EDIXGAL , a partir de contidos estudados nas avaliacións anteriores.</p> <p>Valorarase a entrega das tarefas nos períodos sinalados oportunamente.</p> <p>Valorarase a calidade das tarefas, fixándose na comprensión da actividade así como a realización escrita da mesma.</p> <p>Valorarase a implicación no seu traballo e o seu propio progreso.</p> <p>O alumnado que non acadou unha cualificación positiva nas avaliacións anteriores deberá implicarse na realización das tarefas encomendadas e mostrar unha actitude positiva e responsable.</p> |
|                                      | <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Tarefas en EDIXGAL, caderno de clase, traballos realizados, fichas.</p>   |
| <b>Cualificación final</b>           | <p>O alumnado poderá subir nota da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega das tarefas segundo o indicado.</li> <li>- Calidade das tarefas encomendadas (comprensión e expresión).</li> <li>- Seguimento continuo da clase.</li> <li>- Interese e actitude positiva.</li> <li>- Valoración: 40% + 40% + 20% das cualificacións das avaliacións.</li> </ul>  |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|--|--|
| <b>Actividades</b>   | Repaso, reforzo e ampliación.  |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>   | _Realizaranse actividades para reforzar o estudado nas avaliacións anteriores e ampliaranse, na medida do posible, novos contidos. Diariamente farase un seguimento das actividades informando das cuestións solicitadas e aclarando as dúbidas que puideran xurdir. |
| <b>Materiais e recursos</b>  | Ordenador, caderno de clase, fichas.   |

#### 4. Información e publicidade

|  |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Emprego das canles habilitadas para a comunicación: <ul style="list-style-type: none"><li>- Teléfono</li><li>- Correo electrónico</li><li>- Mensaxes a través da plataforma EDIXGAL.</li><li>- Videoconferencia.</li><li>- Abalarmóbil.</li></ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.  |